

dora da responsabilidade penal dos menores. Nas fiscalías dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais existirán seccións contra a violencia sobre a muller e seccións de medio ambiente especializadas en delitos relativos á ordenación do territorio, á protección do patrimonio histórico, aos recursos naturais e ao ambiente, á protección da flora, fauna e animais domésticos, e aos incendios forestais. A estas seccións serán adscritos fiscais que pertencen aos seus respectivos cadros de persoal, e terán preferencia aqueles que por razón das anteriores funcións desempeñadas, cursos impartidos ou superados ou por calquera outra circunstancia análoga se especializasen na materia. Non obstante, cando as necesidades do servizo así o aconsellen poderán actuar tamén noutros ámbitos ou materias.»

Dous. Engádesse un artigo 18 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 18. *quinquies*.

1. O fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal, nomeará, como delegado, un fiscal contra os delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico, do ambiente e incendios forestais, con categoría de fiscal de sala, que exercerá as seguintes funcións:

a) Practicar as dilixencias a que se refire o artigo 5 e intervir, directamente ou a través de instrucións impartidas aos delegados, naqueles procesos penais de especial transcendencia apreciada polo fiscal xeral do Estado, referentes a delitos relativos á ordenación do territorio, á protección do patrimonio histórico, aos recursos naturais e ao ambiente, á protección da flora, fauna e animais domésticos, e aos incendios forestais.

b) Exercer a acción pública en calquera tipo de procedementos, directamente ou a través de instrucións impartidas aos delegados, cando aquela veña prevista nas diferentes leis e normas de carácter ambiental, exixindo as responsabilidades que procedan.

c) Supervisar e coordinar a actuación das seccións especializadas de medio ambiente e solicitar os informes oportunos, dirixindo por delegación do fiscal xeral do Estado a rede de fiscais de medio ambiente.

d) Coordinar as fiscalías en materia de ambiente unificando os criterios de actuación, para o cal lle poderá propoñer ao fiscal xeral a emisión das correspondentes instrucións e reunir, cando proceda, os fiscais integrantes das seccións especializadas.

e) Elaborar anualmente e presentar ao fiscal xeral do Estado un informe sobre os procedementos seguidos e as actuacións practicadas polo ministerio fiscal en materia de ambiente, que será incorporado á memoria anual presentada polo fiscal xeral do Estado.

2. Para a súa adecuada actuación, adscribiráse-lle unha unidade do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil, así como, se é o caso, os efectivos necesarios do resto das forzas e corpos de seguridade que teñan competencias ambientais, de conformidade coa Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade. Igualmente, poderanse adscribir os profesionais e expertos técnicos que sexan necesarios para auxiliálo de maneira permanente ou ocasional. A fiscalía poderá solicitar o auxilio dos axentes forestais ou ambientais das administracións públicas correspondentes, dentro das funcións que estes colectivos teñen legalmente encomendadas.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución e ten, por tanto, carácter básico, sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes.

2. Teñen carácter básico, por se ditaren ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, os puntos once, trece e vinte e seis do artigo único, que modifican os artigos 18.4, 21.7 e 47.3 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

3. O punto quince do artigo único, que modifica o artigo 25.1.b) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, dítase ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

4. A disposición adicional primeira dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

5. A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7683 *REAL DECRETO 520/2006, do 28 de abril, polo que se regulan as entidades que presten servizo de asesoramento a explotacións agrarias e a concesión de axudas á súa creación, adaptación e utilización.* («BOE» 102, do 29-4-2006.)

A actividade agraria debe adoptar novas formas e técnicas de traballo que lle permitan ser respectuosa co ambiente, a saúde pública, a sanidade animal e vexetal e o benestar dos animais.

Para facilitar que os agricultores e gandeiros poidan realizar este cambio coas debidas garantías de éxito, é conveniente que dispoñan do apoio técnico necesario.

En consecuencia, o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, dispón que, antes do 1 de xaneiro de 2007, os Estados membros deberán instaurar un sistema para asesorar os agricultores sobre a xestión de terras e explotacións.

O Regulamento (CE) n.º 817/2004 da Comisión, do 29 de abril, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a

cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), deixa a criterio dos Estados membros o procedemento de selección dos axentes que deberán prestar este servizo de asesoramento.

O Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, na modificación introducida polo Regulamento (CE) n.º 1783/2003 do Consello, do 29 de setembro, considera que os sistemas de asesoramento agrícola previstos neste regulamento deberán definir e propor melloras da situación actual no que respecta ás normas regulamentarias nos ámbitos do ambiente, a saúde pública, a sanidade animal, a sanidade vexetal e o benestar animal, dispoñendo, para facilitar o acceso a estes servizos, de axudas aos agricultores para lles facer fronte aos custos resultantes do recurso a eles e prevé unha axuda incrementada no caso de primeira instalación para agricultores novos, así como axudas para a creación destes servizos de asesoramento.

Tendo en conta que algúns dos requisitos legais de xestión establecidos e as boas condicións agrarias e ambientais teñen vixencia desde o 1 de xaneiro do ano 2005, considérase conveniente pór en marcha, canto antes, o sistema de asesoramento ás explotacións.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de abril de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular, para os efectos do disposto no capítulo 3 do título II do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, o establecemento e as condicións que deberán cumprir os servizos de asesoramento ás explotacións agrarias, no sucesivo servizos de asesoramento, así como o recoñecemento daquelas entidades privadas que presten estes servizos de asesoramento.

2. Así mesmo, de acordo co disposto nos capítulos V bis e IX do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, establécense normas sobre un réxime de axudas, tanto para a creación ou adecuación das entidades privadas recoñecidas que presten servizos de asesoramento, como para os agricultores que utilicen os servizos do mesmo, de acordo co disposto nas normas e decisións comunitarias.

Artigo 2. *Ámbito do asesoramento.*

1. As entidades que presten servizos de asesoramento, para os efectos deste real decreto, deberán estender a súa actividade de asesoramento, desde o diagnóstico da situación, á proposta e execución de melloras, nas seguintes materias:

a) Requisitos legais de xestión, relativos a saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal, ambiente e benestar dos animais, a que se refire o artigo 4 e o anexo III do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, cuxas disposicións se recollen no anexo do Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común, e na normativa que o desenvolve.

b) Boas condicións agrarias e ambientais, atendendo, entre outras circunstancias, ás características das superficies de que se trate, incluídas as condicións climáticas e de solo, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación dos cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación, sen prexuízo das normas que rexen as boas prácticas agrarias, aplicadas no contexto do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello do 17 de maio, e das medidas agroambientais aplicadas que superen o nivel de referencia das boas prácticas agrarias.

Os requisitos mínimos de boas condicións agrarias e ambientais son os regulados polo citado Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, e na normativa que o desenvolve.

c) No caso de agricultores mozos, as relacionadas co inicio da súa actividade.

2. Ademais das materias de obrigado asesoramento sinaladas no punto anterior, o asesoramento poderá alcanzar outras materias co obxecto de ofrecer un asesoramento integral.

Artigo 3. *Acceso ao asesoramento.*

1. Todos os agricultores poderán acceder de forma voluntaria aos servizos de asesoramento.

2. Os agricultores que reciban máis de 15.000 euros ao ano en concepto de pagamentos directos terán prioridade no seu acceso aos servizos de asesoramento.

Idéntica prioridade terán os titulares de explotacións cualificadas como prioritarias ao amparo da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, ou situadas en zonas desfavorecidas, nos termos previstos no Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, ou en zonas de Natura 2000, así como os titulares de explotacións que teñan a condición de agricultor mozo ou muller ou que asumisen compromisos agroambientais ou participen en programas de calidade dos alimentos.

Artigo 4. *Requisitos das entidades que presten servizo de asesoramento ás explotacións.*

As entidades que pretendan prestar servizos de asesoramento, para os efectos do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, ademais de prestaren estes servizos aos agricultores en, polo menos, as materias explicitadas no artigo 2, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispor de oficinas abertas ao público, en horario compatible coa actividade agraria e cun ámbito de atención axeitado á dimensión, número e tipoloxía das explotacións a que se pretende ofrecer o servizo de asesoramento.

b) Dispor dun equipo técnico de apoio con, polo menos, un universitario con título oficial en cada unha das seguintes áreas: agronomía, veterinaria, e ciencias biolóxicas ou ambientais ou montes.

c) O número de titulados e as súas especialidades en cada unha das súas oficinas de asesoramento será acorde coa dimensión, número e tipoloxía das explotacións ás cales se pretende ofrecer o servizo de asesoramento, debendo dispor en cada oficina de, polo menos, un universitario con título oficial ou titulado en formación profesional de grao superior.

d) O equipo técnico de apoio e das oficinas deberá, ademais de dispor da titulación exixida nas alíneas b) e c), acreditar que recibiu, ou comprometerse a recibir no prazo dun ano, unha formación en materia de asesoramento ás explotacións, que sexa conforme en contido e duración co determinado polas autoridades competentes.

e) Dispor en cada unha das súas oficinas de asesoramento do persoal administrativo necesario.

f) Dispor de locais, de medios materiais, incluídos os informáticos e telemáticos, axeitados ao labor de asesoramento, ou comprometerse a adquirilos. Así como dispor, ou ter posibilidade de acceso, de equipos axeitados de análise de solo, augas, residuos e doutros factores da actividade agraria.

g) Acreditar experiencia e fiabilidade en materia de asesoramento técnico ás explotacións agrarias de acordo co previsto no artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 817/2004 da Comisión, do 29 de abril.

h) Dispor dun sistema de rexistro de usuarios compatible co sistema integrado de xestión e control previsto no capítulo 4 do título II do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

Artigo 5. *Recoñecemento.*

1. As entidades privadas interesadas en prestar servizos de asesoramento deberán ter personalidade xurídica, ser entidade sen ánimo de lucro ou cooperativa ou, en ambos os supostos, as súas unións ou federacións, así como incluír no obxecto social definido nos seus estatutos a prestación de asistencia e asesoramento a agricultores e gandeiros, e acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 4.

2. As entidades privadas interesadas en prestar o servizo de asesoramento solicitarán o seu recoñecemento ao órgano competente da comunidade autónoma en que preveña exercer a súa actividade cando o seu ámbito de actuación se circunscriba ao desta. Cando o ámbito de actuación previsto sexa superior ao dunha comunidade autónoma, o recoñecemento corresponderá ao director xeral de Desenvolvemento Rural do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta coas comunidades autónomas afectadas.

3. Ademais, presentarán un proxecto de servizo de asesoramento no cal se expliciten, polo menos, os aspectos organizativos, técnicos, metodolóxicos, formativos, de equipamento, económicos e financeiros, incluída tarifación.

4. O incumprimento de calquera dos requisitos tidos en conta para o seu recoñecemento ou das obrigas ou compromisos adquiridos ou a evidencia de falta de fiabilidade técnica, poderá dar lugar á suspensión ou declaración de extinción do recoñecemento, logo de audiencia de entidade afectada, coa súa anotación ou baixa no rexistro e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das axudas que puidese percibir.

5. A obtención irregular dunha axuda por parte da entidade que presta o servizo de asesoramento ou dun titular de explotación cando a entidade incorra en negligencia ou colaboración na irregularidade, poderá dar lugar á declaración de extinción do recoñecemento da entidade, coa súa baixa no rexistro, e ao reintegro das axudas que puidese percibir de forma irregular.

Artigo 6. *Obrigas xerais das entidades que prestan servizos de asesoramento.*

1. As entidades que prestan servizos de asesoramento prestarán especial atención ao cumprimento da obriga que incumbe a todo agricultor que reciba pagamentos directos, entendendo por tales todo pagamento aboado directamente a este en virtude de calquera dos réximes de axuda á renda enumerados no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, de observar os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais sinaladas no artigo 2.1 deste real decreto.

2. As entidades que prestan servizos de asesoramento deberán cumprir o disposto no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setem-

bro, en relación coa prohibición de divulgar información, ou datos de carácter persoal ou individual. En todo caso, esta información estará suxeita ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. As entidades que prestan servizos de asesoramento deberán dispor dun sistema de rexistro informatizado, no seu domicilio social e en cada unha das súas oficinas, no cal consten os servizos de asesoramento prestados, con indicación, polo menos, dos datos do demandante, da explotación, os temas de consulta, e o consello ou propostas de mellora. Este sistema de rexistro será accesible á autoridade competente, co único fin de efectuar o seguimento e control das actuacións que realiza a entidade de asesoramento.

4. Ante unha inspección a unha explotación por parte de organismos competentes no ámbito de materias asesoradas descritas no artigo 2 deste real decreto, deberá estar presente, por petición do agricultor interesado, o persoal dos servizos de asesoramento que lle prestou o servizo ou, se é o caso, que o substitúa.

5. Cada oficina de asesoramento deberá dispoñer dun estudo, permanentemente actualizado, da súa zona de actuación, que reflecta a situación socioeconómica, con especial referencia ao medio rural, en xeral, e ao sector agrario, en particular, as súas deficiencias, potencialidades, e cantos parámetros e criterios de valoración determinen, no seu ámbito territorial, as comunidades autónomas. En todo caso, o citado estudo reflectirá a situación da zona en relación co cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais e, se é o caso, as medidas de carácter xeral que se van adoptar.

Artigo 7. *Obrigas específicas das entidades recoñecidas que prestan servizos de asesoramento.*

1. As entidades recoñecidas para prestaren os servizos de asesoramento actuarán con plena obxectividade nas súas funcións de asesoramento, promovendo as melloras máis convenientes, efectuando as actividades de información aos agricultores necesarias para o cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais e atendendo no seu labor a cantos agricultores así o soliciten, sen que poida prevalecer discriminación de ningún xénero ou condición.

2. Para os efectos de comprobar a fiabilidade e eficacia do asesoramento que proporcionan en relación coas materias explicitadas no artigo 2, os servizos de asesoramento das entidades privadas e as súas oficinas de asesoramento quedan sometidos en cada ámbito territorial ao control e verificación de calidade técnica por parte dos órganos competentes da comunidade autónoma onde presten os seus servizos.

3. As entidades recoñecidas comunicaranlles ás comunidades autónomas respectivas cantas circunstancias modifiquen as fichas rexistradas a que se refire o artigo 8 deste real decreto.

4. As entidades recoñecidas presentarán anualmente, durante o primeiro trimestre de cada ano, ante as comunidades autónomas onde presten os seus servizos, un informe de actuacións circunscrito ás levadas a cabo no ámbito territorial destas, no cal consten os resultados, logros e dificultades relativos ao seu labor de asesoramento no ano anterior, e perspectivas para o ano en curso.

Artigo 8. *Rexistros das entidades recoñecidas que prestan servizos de asesoramento.*

1. As entidades que prestan os servizos de asesoramento serán rexistradas pola Administración pública que outorga o recoñecemento. Así mesmo, deberán rexistrarse as oficinas de asesoramento nas comunidades

autónomas en que se atopan, de acordo cos datos básicos que se establecen no presente artigo.

2. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, o Rexistro Nacional de entidades con servizos de asesoramento, no cal se inscribirán os servizos recoñecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e os recoñecidos ou designados polos órganos competentes das comunidades autónomas, e cada unha das oficinas de asesoramento de que dispoñan, para os efectos meramente informativos.

3. As cesións de datos deste rexistro só se poderán efectuar entre as autoridades competentes das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado, así como da Comisión Europea, exclusivamente para os fins propios de cada Administración.

4. Na ficha rexistral das entidades con servizos de asesoramento constarán, polo menos, os seguintes datos:

- a) Razón social, CIF, domicilio social, teléfono, fax, correo electrónico.
- b) Forma xurídica.
- c) Relación de oficinas de asesoramento.
- d) Número total de efectivos persoais: universitarios con título oficial, titulados en formación profesional de grao superior, en cada unha das áreas a que se refire o artigo 4, e administrativos.
- e) Director ou representante.

5. Na ficha rexistral da oficina de asesoramento constarán, polo menos, os seguintes datos:

- a) Entidade titular que presta o servizo de asesoramento ás explotacións e o tipo de vinculación entre oficina e entidade.
- b) Enderezo postal, teléfono, fax e correo electrónico.
- c) Ámbito xeográfico de actuación: relación de municipios
- d) Número de efectivos persoais: técnicos superiores, diplomados ou técnicos de grao medio, administrativos e outros.
- e) Director, responsable ou representante.

6. As comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos necesarios para a actualización do Rexistro Nacional, con carácter anual e sempre que se produza calquera modificación de fichas rexistrais.

7. Os dereitos de acceso, rectificación e cancelación poderán ser exercidos polos titulares inscritos ante os órganos que os inscribiron.

Artigo 9. Axudas.

1. De acordo co disposto nos capítulos V bis e IX, do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, poderanse conceder axudas para o establecemento das entidades recoñecidas que presten servizos de asesoramento e para o acceso a el dos agricultores, na forma e condicións que establece o dito regulamento, nas disposicións comunitarias concordantes, nos programas nacional e rexionais aprobados pola Comisión Europea, e neste real decreto e as súas normas de desenvolvemento.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas tramitarán, resolverán e procederán ao pagamento das axudas previstas neste real decreto, polas actuacións realizadas no seu ámbito territorial no marco dos correspondentes programa nacional e rexionais aprobados pola Comisión Europea.

3. As resolucións aprobatorias de cada solicitude de axuda establecerán, de forma individualizada, as porcentaxes e contías correspondentes ás axudas outorgadas

con cargo aos fondos comunitarios e a cada Administración pública participante.

4. De conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, e no marco da programación 2000-2006 prevista na normativa comunitaria, as axudas reguladas neste real decreto poderán ser cofinanciadas pola Sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, salvo as que, ao amparo do disposto nos artigos 10 e disposición derradeira primeira, se concedan en zonas de obxectivo 1 e zonas en transición, que serán cofinanciadas pola Sección Orientación do citado fondo.

No marco da programación 2007-2013 prevista no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), as axudas reguladas neste real decreto poderán ser cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará, con cargo ao seu orzamento anual, ata o 50 por cento do cofinanciamento público nacional, correspondente ás axudas establecidas nos artigos 10, 11 e disposición derradeira primeira, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Esta contribución financeira transferirase ás comunidades autónomas, logo de acordo de Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, de conformidade co disposto no artigo 86 de Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

6. As comunidades autónomas poderán complementar a parte do cofinanciamento público nacional non financiado con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

7. A estas axudas seralles de aplicación o disposto no artigo 6 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 10. Axudas para a creación ou adecuación de servizos de asesoramento ás explotacións.

1. Para a creación ou adecuación de servizos de asesoramento, poderanse conceder axudas ao investimento en bens inventariables, e axudas á creación de postos de traballo de persoal técnico e administrativo.

2. As axudas para a creación ou adecuación de servizos de asesoramento concederanse preferentemente ás entidades recoñecidas que se comprometan a ofrecer servizos de asesoramento integral que inclúan outros ámbitos ademais dos citados no artigo 2.1.

3. A axuda total ao investimento en bens inventariables será de ata o 50 por cento do investimento realizado nos cinco primeiros anos de funcionamento, sen superar os 18.000 euros de axuda por oficina de asesoramento. En ningún caso será auxiliábel a adquisición, construción ou adecuación de bens inmoables, ou a adquisición de material de segunda man.

4. As axudas á creación de postos de traballo non poderán superar as seguintes cantidades: 36.000 euros por posto de traballo de enxeñeiro de segundo ciclo ou licenciado, 30.000 euros por posto de traballo de enxeñeiro técnico ou diplomado, 24.000 euros por posto de traballo de titulado en formación profesional de grao superior e 20.000 euros por posto de traballo administrativo. Estes importes repartiranse entre os cinco primeiros anos de actividade do servizo de asesoramento, sen que cada anualidade poida superar o 60 por cento dos custos salariais que en cada caso corresponda. Estes límites de axuda e porcentaxe poderán incrementarse ata nun 10 por cento cando as persoas contratadas sexan mozos e mozas menores de 30 anos ao momento da contratación ou mulleres.

5. Estas axudas concederanse cando a ocupación de postos de traballo se realice mediante contratos novos subscritos con demandantes de primeiro emprego ou des-

empregados durante, polo menos, os seis meses anteriores á contratación, ou a contratos temporais preexistentes que se transformen en contratos de duración indefinida.

6. As axudas previstas nos puntos 3 e 4 poderanse incrementar nun 10 por cento cando a localidade en que estea situada a oficina teña unha poboación inferior a 10.000 habitantes e estea situada nunha zona de actividade agraria significativa.

7. As entidades receptoras destas axudas deberán comprometer a manter o servizo nas oficinas e ocupados os postos de traballo obxecto daquelas durante, polo menos, cinco anos contados desde a data da concesión da axuda.

Artigo 11. *Axudas aos demandantes de asesoramento.*

1. Poderase conceder axuda aos titulares de explotacións para sufragar os gastos, en concepto de honorarios, en que se incorreu pola consulta aos servizos de asesoramento cuxos informes ou ditames teñan por obxecto avaliar o rendemento e viabilidade das explotacións, e determinar o cumprimento e, se é o caso, propor melloras relativas á aplicación de medidas relacionadas coas materias explicitadas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 2.

2. O importe desta axuda será de ata 1.000 euros cando a explotación fose cualificada como prioritaria ao amparo do disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e de ata 800 euros nos demais casos. Con estes límites máximos, a axuda por explotación poderase fixar en función de criterios obxectivos determinados nas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

3. O importe da axuda previsto no punto anterior poderase incrementar nas cantidades resultantes da aplicación das seguintes porcentaxes:

a) Ata un 15 por cento cando a explotación estea situada en zona desfavorecida, nos termos previstos no capítulo V do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio.

b) Ata un 20 por cento cando a explotación estea situada en zona de Natura 2000.

c) Ata un 25 por cento cando a explotación estea situada nunha zona en que concorran simultaneamente as dúas circunstancias anteriores.

4. A axuda resultante da aplicación dos puntos 2 e 3 poderase incrementar ata nun 10 por cento cando se trate de explotacións que asumiron formalmente fronte ás administracións competentes compromisos agroambientais, ou participen en programas de calidade dos alimentos, e ata noutro 10 por cento cando o titular da explotación sexa agricultor menor de 40 anos no momento da concesión ou muller.

5. A axuda pola utilización dos servizos de asesoramento que se regula neste artigo estará limitada a un máximo do 80 por cento do gasto facturado por servizo de asesoramento completo, é dicir, que inclúa todos os ámbitos dos requisitos legais de xestión e das boas condicións agrarias e ambientais sen que poida percibirse máis de 1.500 euros por explotación.

6. A axuda para utilizar os servizos de asesoramento agrícola poderase conceder como máximo cada tres anos.

7. Os gastos en que se incorra a que se refire o punto 1 xustificaranse mediante factura, cuxo pagamento se deberá acreditar, e certificación da entidade que presta o servizo de asesoramento na cal se expliciten os temas de consulta, que incluírán polo menos todos os aspectos a que se refiren as alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 2 e, se é o caso, sucinta exposición das medidas que se vaian adoptar. Esta facturación non poderá ter, en ningún caso, relación directa ou indirecta coa venda de produtos ou prestación de servizos alleos ao propio servizo de asesoramento.

8. Estas axudas serán compatibles coas axudas previstas no artigo 15 do Real decreto 613/2001, do 8 de

xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

Artigo 12. *Control e reintegro das axudas.*

1. Os perceptores das axudas reguladas neste real decreto quedan suxeitos ás disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, e no Regulamento (CE) n.º 1260/1999, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, e estarán sometidos ao control e verificación da Comisión Europea, da Intervención Xeral da Administración do Estado, e do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores das comunidades autónomas.

2. Os controis, cuxa realización corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas, teñen como finalidade dar cumprimento ao establecido nos artigos 66 a 73 do Regulamento (CE) n.º 817/2004 da Comisión, do 29 de abril.

3. Todas as obrigas dunha entidade de asesoramento ou beneficiario estarán sometidas a control. A porcentaxe da mostra estará en función do número de solicitudes aprobadas.

4. As actividades de control das axudas comprenderán tanto controis administrativos como controis in situ.

5. En función do resultado dos controis administrativos e dos controis in situ estableceranse, para cada un dos pagamentos que deban realizarse, as súas condicións.

6. O reintegro de axudas rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 13. *Coordinación.*

Sen prexuízo das competencias que corresponden aos comités de seguimento dos programas en que se inclúan os servizos de asesoramento, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación reunirse periodicamente con representantes das comunidades autónomas e entidades que presten servizo de asesoramento co fin de analizar e avaliar o funcionamento do sistema de asesoramento aos agricultores.

Disposición adicional primeira. *Órganos ou organismos públicos designados para a prestación de servizos de asesoramento ás explotacións.*

De conformidade co disposto nos programas nacional e rexionais, aprobados pola Comisión Europea, as administracións públicas competentes poderán designar órganos ou organismos públicos que presten servizos de asesoramento ás explotacións, sempre que a súa actividade de asesoramento se estenda ás materias sinaladas no artigo 2 e cumpran os requisitos do artigo 4 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Recursos humanos e materiais.*

A creación e funcionamento do Rexistro Nacional de entidades con servizos de asesoramento serán atendidos cos medios humanos e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen que isto supoña incremento do gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.*

O Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 15.1 queda redactado do seguinte xeito:

«1. As axudas á primeira instalación de agricultores novos, dirixidas a auxiliar gastos e investimentos derivados desta, poderán consistir en:

a) Unha bonificación de xuros cuxo importe actualizado, determinado conforme o anexo IV, non supere a cantidade de 20.000 euros, resultante de aplicar, durante un período máximo de 15 anos, unha redución, total ou parcial, do tipo de xuro preferente establecido nos convenios subscritos coas entidades financeiras.

b) Unha prima por explotación cuxa contía máxima poderá ser de 20.000 euros, que poderá substituírse, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuros equivalente.

c) Cando os agricultores mozos recorran ou se comprometan a recorrer, coa frecuencia que determinen as comunidades autónomas, que será, polo menos, dunha vez ao ano, durante un período de tres anos a partir do momento da súa instalación, aos servizos de asesoramento ás explotacións, en materias relacionadas co inicio da súa actividade, as axudas á primeira instalación previstas nas alíneas a) e b) anteriores, poderán alcanzar, cada unha delas, a cantidade de 24.000 euros.

As contías máximas de axuda, expresadas nas letras anteriores, poderán incrementarse, cada unha delas, nun 10 por cento cando se xere na explotación polo menos 1 UTA asalariada adicional á de cada mozo ou moza que se instala, nos supostos en que sexa unha agricultora moza a beneficiaria destas, así como nos casos en que o mozo ou moza se instale nunha explotación situada nunha zona de montaña, clasificada como tal e incluída nas listas ás que fai referencia o artigo 55.4 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

Dous. O artigo 15.2.b) queda redactado do seguinte xeito:

«b) Non obstante o establecido no punto 1, as axudas á primeira instalación consideradas nos súas alíneas a) e b) non poderán superar, cada unha delas, a cantidade de 25.000 euros, ou de 30.000 euros nos casos en que sexa de aplicación o disposto na alínea c), nin o importe dos gastos e investimentos de instalación realizados. Se este importe fose inferior ao inicialmente previsto e recollido na concesión da axuda, a comunidade autónoma readaptará a axuda concedida, tendo en conta as dúas modalidades de axudas previstas e de forma que, sen superar os límites establecidos neste artigo, o importe total da axuda que perciba o beneficiario alcance o máximo que resulte de aplicación. Neste caso, o importe bonificable do principal do préstamo formalizado poderá alcanzar o dos gastos e investimentos realizados, desvinculando o resto do préstamo das condicións especiais derivadas dos convenios de colaboración con entidades financeiras previstos neste real decreto.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar cantas disposicións sexan necesarias no ámbito da súa competencia para o desenvolvemento e

aplicación deste real decreto. Así mesmo, facúltase para a modificación dos prazos establecidos neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA VIVENDA

7685 *ORDE VIV/1266/2006, do 31 de marzo, pola que se declaran para 2006 os ámbitos territoriais de prezo máximo superior para os efectos do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. («BOE» 102, do 29-4-2006.)*

O Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, define no artigo 2.12 os ámbitos territoriais de prezo máximo superior como aquelas zonas que sexan así declaradas mediante orde do titular do Ministerio de Vivenda, por proposta das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, en consideración á existencia de especiais dificultades de acceso á vivenda, como consecuencia dos seus elevados prezos medios comparativos cos de venda das vivendas libres. Poden integrar diversos municipios, ou ben municipios illados ou, mesmo, ámbitos intraurbanos dun municipio.

Nos devanditos ámbitos territoriais, o prezo máximo de venda das vivendas obxecto das axudas financeiras previstas no dito real decreto poderá incrementarse, en relación cos prezos máximos establecidos con carácter xeral.

A disposición adicional primeira do referido Real decreto 801/2005 determinou a contía do prezo básico nacional.

Pola súa parte, o artigo 6.2 do Real decreto 801/2005 establece que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán fixar, a partir do prezo básico nacional, segundo a súa propia normativa, as contías máximas dos prezos de venda e de renda das vivendas acollidas ao real decreto citado, por debaixo ou por enriba do mencionado prezo básico, para cada unha das zonas, localidades, ou, mesmo, ámbitos interurbanos que correspondan, e que as contías máximas dos prezos fixados non poderán superar as establecidas para cada suposto no mencionado real decreto.

Así mesmo, o artigo 6.4 do real decreto establece que a declaración de novos ámbitos territoriais como de prezo máximo superior, ou de modificación dos existentes, se realizará mediante orde do titular do Ministerio de Vivenda, durante o primeiro trimestre de cada un dos anos 2006, 2007 e 2008, por proposta das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla.

Ademais, o artigo 6.5 do referido real decreto sinala que nos ámbitos territoriais declarados de prezo máximo superior, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla poderán incrementar o prezo máximo de venda das vivendas acollidas ao citado real decreto, nas seguintes porcentaxes máximas sinaladas no citado artigo.